

Ata que eu fun un rapaz, miña nai tiña arrendadas terras por Nogueirosa e Vilar por un sistema moi da época: lle pagaban en especies. De ese modo, á miña casa chegaban sacos de patacas, millo, mainzo, fabas, xudías... en outubro uvas de viño romano que daba para todo o inverno (de ahí me ven a afición por ese viño), os domingos cando iba a Pontedeume volvía con leitugas, pimentos... en fin, xa te imaxinas. Pero mentres o normal era que os sacos ou as caixas chegaran polo "mandadero", había unha xente que iba á miña casa dúas ou tres veces ao ano con sacos e caixas, e en unha ocasión sendo eu xa un mociño lle escoitei á miña nai insistir moi contundentemente que por favor, que non lle levaran máis cousas. Pregunteille por qué non quería que esa xente lle pagara, e me dixo que esa xente o que estaba pagándolle era outra cousa: un favor que non tiñan necesidade de pagar, e que en todo caso estaba xa requetepagado. E contoume.

Esa familia pideulle cartos a un señor (en diante o cacique) con hipoteca. Cando chegou a hora de pagar lles avisaron que tiveran coidado, porque o cacique seique tiña por costumbre ausentarse para que non poideran pagarlle e facerse có ben hipotecado. Intentaron pagar bastantes días antes do vencimento por varias veces sin conseguilo. Unha rapaza de esa boa familia acolloada, era amiga de miña nai. E meu avó era amigo do cacique en cuestión (meu avó fora concellal de dereitas no concello antes e despois da guerra). A rapaza pideulle á miña nai que falara con meu avó para ver como lles aconsellaba ou intermediaba có cacique porque estaban acolloados. E meu avó lles dixo: ollade, mellor que deberlle eu un favor ao cacique, si tedes cartos para pagar un notario o solucionades fácilmente, e si non os tedes volos presto eu. Como aínda faltan unhas dúas semanas, vades mañán ao notario e lle pagades para que vaia con vos ao Banco X (que é donde ten a conta o cacique) e levante acta de como ingresades eses cartos na conta do cacique como pago da deuda hipotecaria.